



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 19 DE XANEIRO DO 2017.

ASISTENTES:

<p>Presidente:</p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten:</p> <p>D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Anxo Orellan Fernández D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Víctor Reiriz Lampón</p>	<p>Interventor:</p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p>Secretario Xeral</p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten:</p> <p>-----</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día dezanove de xaneiro do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 29 de decembro de 2016, 5 de xaneiro de 2017 e 12 de xaneiro de 2017.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación





B) PROPOSTAS DE GASTO.


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	17/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Gratificacións (3.650,00 €) e premios (2.350,00 €) co motivo da celebración do Festival de Murgas e Comparsas - Entroido 2017		
Nº orzamentos aportados		Provedores	
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:			
NIF/CIF:			
Importe (IVE incluído):	6.000,00 €		
Observacións	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar as bases de participación no Festival de Murgas e Comparsas - Entroido 2017, a celebrar o 28/02/2017.		

Nº Proposta	2	Data	12/12/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal – Servizo de Obras Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración e instalación de pracas de pedra para sinalizar o nome das rúas e os números das vivendas (Rúa das Agrads, lugar de Touro, Espiñeirido, Rúa do Barreiro e Estrada Xarás a Riveira)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JUAN PEGO E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	JUAN PEGO E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15290216		
Importe (IVE incluído):	733,26 €		
Observacións:			

Nº Proposta	3	Data	16/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer dun Dumper e retroexcavadora cos portes para a limpeza dun tramo do río Listres (Aguiño)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ALQUILERES GALICIA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ALQUILERES GALICIA, S.L.		
NIF/CIF:	B15329022		
Importe (IVE incluído):	1.946,95 €		
Observacións:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	4	Data	/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de madeira de iroko para reparación de bancos do Paseo do Porto de Castiñeiras		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- MADERAS CAYPE, S.L. - PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MADERAS CAYPE, S.L.		
NIF/CIF:	B15428345		
Importe (IVE Incluído):	1.853,30 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de vernices para reparación de bancos do Paseo do Porto de Castiñeiras		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PINTURAS ISAVAL, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PINTURAS ISAVAL, S.L.		
NIF/CIF:	B46069654		
Importe (IVE Incluído):	467,35 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de parafusería para reparación de bancos do Paseo do Porto de Castiñeiras		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.		
NIF/CIF:	B70474747		
Importe (IVE Incluído):	229,66 €		
Observacións:			

Nº Proposta	7	Data	11/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras – Cultura José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 2 acumuladores de calor de 1800 W e materiais para a súa colocación na Casa de Cultura de Carreira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ANTONIO PAZOS, S.A.
Informe:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	ANTONIO PAZOS, S.A.
NIF/CIF:	A15066913
Importe (IVE Incluído):	952,19 €
Observacións:	

Nº Proposta	8	Data	11/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Administrador da Lonxa Municipal José M. Orellán		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de papel térmico (33 + 10) para etiquetaxe dos produtos pesqueiros na Lonxa Municipal de Riveira		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GALLEGA DEL ETIQUETADO, S.L.
Informe:			

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	GALLEGA DEL ETIQUETADO, S.L.
NIF/CIF:	B36756005
Importe (IVE Incluído):	551,61 €
Observacións:	


Nº Proposta	9	Data	09/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Alcaldía Manuel Ruiz Rivas		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 140 unidades de auga mineral de 18,9 litros + vasos, con limpeza e mantemento, para a Casa Consistorial		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DISTRIBUCIONES A TELLEIRA
Informe:			


PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	DISTRIBUCIONES A TELLEIRA
NIF/CIF:	52454304K
Importe (IVE Incluído):	793,76 €
Observacións:	

Nº Proposta	10	Data	09/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 900 unidades de auga mineral de 18,9 litros, con limpeza e mantemento, para a U.A.D.		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	DISTRIBUCIONES A TELLEIRA
Informe:			

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	DISTRIBUCIONES A TELLEIRA
NIF/CIF:	52454304K
Importe (IVE Incluído):	435,60 €
Observacións:	

Nº Proposta	11	Data	19/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Administración, Transparencia, Atención e		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

		Participación Cidadá Manuel Emilio Pérez Outeiral	
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 2.000 litros de gasóleo para calefacción para a Casa Consistorial.	
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- COMBUSTIBLES PUEBLA, S.L. - LOS ÁNGELES GAS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:		COMBUSTIBLES PUEBLA, S.L.	
NIF/CIF:	B15668072		
Importe (IVE Incluído):	1.302,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	12	Data	11/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández	
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de mantemento do programa informático do Complexo Deportivo da Fieiteira, desde o mes de xaneiro ata o 31/03/2017	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	T-INNOVA INGENIERÍA APLICADA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:		T-INNOVA INGENIERÍA APLICADA, S.A.	
NIF/CIF:	A64728918		
Importe (IVE Incluído):	645,16 €		
Observacións:			

Nº Proposta	13	Data	10/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández	
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de hipoclorito sódico, floculante, antialgas incrementador PH líquido e neutralizador cloro bromo para o mantemento do Complexo Deportivo da Fieiteira	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	INDUSTRIA QUÍMICA RÍO BLANCO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:		INDUSTRIA QUÍMICA RÍO BLANCO, S.L.	
NIF/CIF:	B15424047		
Importe (IVE Incluído):	6.105,66 €		
Observacións:			

Nº Proposta	14	Data	10/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández	
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de analíticas (15+15+15) do control de auga nas dúas piscinas e control de lexiónela no jacuzzi do Complexo Deportivo da Fieiteira	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LEMA & BANDÍN, S.L.
Informe:			





PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	LEMA & BANDÍN, S.L.
NIF/CIF:	B36624831
Importe (IVE Incluído):	2.144,79 €
Observacións:	

III.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde en funcións (Decreto 12/12/2016), Manuel Emilio Pérez Outeiral, de data 14/12/2016 "**Decreto: Aprobación da Oferta de Emprego Público para o exercicio 2016**".

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

SOLICITUDE DE ESPAZO NO VIVEIRO DE EMPRESAS: JONATAN FERNANDEZ OUVIÑA - EMPRESA: NON INICIADA A ACTIVIDADE.

D. Jonatan Fernandez Ouviaña realizou solicitude de espazo no Viveiro de Empresas na data 04/01/2017, núm. rexistro entrada 105.


O proxecto que pretende poñer en marcha e para o cal solicita un espazo no Viveiro desenvolverase no ámbito deportivo, con dúas liñas de traballo principais:


1. Xestión, administración e organización de eventos e ligas deportivas.
2. Planificación e periodización do entreno para clubs e deportistas individuais.

A súa solicitude foi remitida á cámara de Comercio de Santiago para a súa posterior valoración e informe de viabilidade.

Visto o informe de valoración realizado pola Cámara de Comercio de Santiago conclúese que: o proxecto considerase viable, sen embargo o emprendedor debe valorar o ampliar a oferta de servizos coa finalidade de diversificar e incrementar a súa clientela, á vez que establecer interrelacións con outras empresas do sector na que se pode apoiar para ofrecer servizos máis completos e ambiciosos.

O emprendedor deberá ter en consideración o plan de empresa elaborado coa finalidade de apoiarse no mesmo e ir modificándoo segundo as circunstancias, os niveis de facturación e gastos reais que se vaian realizando; debe terse en conta





que o plan de empresa se desenvolverá tal e como parece reflexado no informe de valoración realizado pola Cámara de Comercio sempre e cando se materialicen os importes previstos, e se manteñan os gastos estruturais considerados.

A labor de comercialización de servizos, a captación de clientes e a execución dos traballos, será a parte condicionante do desenvolvemento e crecemento da empresa, si fallan estes pilares básicos, o proxecto deberá ser reestruturado e adecuado ás circunstancias.

Visto que a empresa aínda non está en funcionamento e visto o “artigo 3.- Beneficiarios”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Riveira, no que se recolle que:

“1. Poderán ser beneficiarios do Viveiro de Empresas os emprendedores e/ou empresas que cumpran os seguintes requisitos:

a. Empresas novas que comecen a súa actividade no Viveiro de empresas. Estas empresas terán prazo dun mes desde a adxudicación para xustificar o inicio da actividade. (...)”

Visto o punto 1 do artigo 11.- “Duración do contrato”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Riveira, no que se recolle que: “1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo.”


A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Técnico de Desenvolvemento Local, María Paz Vidal, de data 13/01/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Ceder un espazo no Viveiro de Empresas de Riveira á Jonatan Fernández Ouviaña, no cal poderá levar a cabo a súa actividade durante un período de 2 anos dende a sinatura do contrato de cesión, sempre e cando xustifique no prazo dun mes dende a cesión que iniciou a actividade.

Segundo.- Facerlle entrega, no momento de sinatura da cesión do espazo no Viveiro de Empresas do “Regulamento interno do Viveiro de Empresas de Riveira” e dos planos do Viveiro de empresas.

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Manuel Sampedro Santamaría**, de datas 24/08/2016, 11/11/2016 e 22/11/2016 (Rexistros de entrada nº 10.812, 14.836 e 15.243), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar en Rúa Castelao, nº 4, Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 9086511MH9098N0001FY.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 13/12/2016, co visto e prace do Secretario Xeral, Juan Salguero del Valle, de data 13/12/2016, no informe técnico favorable en relación coa acta de cesión de terreos emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, na data 01/12/2016, e no informe xurídico do Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 13/12/2016, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA**:

Primeiro.- CONCEDER a Manuel Sampedro Santamaría **LICENZA DE OBRAS (Nº 1/17)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA BAIXO CUBERTA** en Rúa Castelao, nº 4, Aguiño, Riveira, en parcela con refª catastral nº 9086511MH9098N0001FY, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 09.10.12, así como nos Planos modificados A00, A02, A03, A05, A06, i11, i12 visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 09.11.16, redactados por Antonio Deus Álvarez e Miguel A. Abad Blanc:


- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo Enxeñeira Municipal superficie de parcela de cesión na franxa sita ao longo do vial no lindeiro este, **refléxase unha superficie de cesión de 1,95 m²**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe do Arquitecto Municipal, **unha fianza de 600,00 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Coordinación de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:


- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de*






- ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
 - *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
 - *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
 - *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
 - *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
 - *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
 - *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
 - *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
 - *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
 - *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
 - *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A





contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.


Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.


Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Visto o escrito presentado por **José Cañestro Lijó**, de data 23/11/2016 (Rexistro de entrada nº 15.319), no que achega proxecto básico e de execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 21/11/16 para engadir a expediente de licenza de obras nº 90/15.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, **Jesus García Ramos**, de data 28/12/2016, e no informe xurídico





con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 12/01/2017, por unanimidade dos presentes,
ACORDA:

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 90/15 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de 19 de novembro de 2015, así como en sesión de 19 de maio de 2016 ao Sr. José Cañestro Lijó, consistente en Proxecto Básico e de Execución Modificado visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 21.11.16, redactado por Juan López Villanueva (arquitecto Col. Nº 3.435).

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos colexios oficiais correspondentes.*

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por **José Vicente Santos Reiriz**, de data 03/01/2017 (Rexistro de entrada nº 60), no que solicita certificación urbanística de finca sita no lugar de Segó (Artes).


A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 12/01/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante; examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1.- As parcelas obxecto de informe correspóndense coas seguintes referencias catastrais:

- .- Finca no 391 do polígono 840 de rústica de Riveira.
- .- Finca no 392 do polígono 840 de rústica de Riveira.
- .- Finca no 393 do polígono 840 de rústica de Riveira.
- .- Finca no 394 do polígono 840 de rústica de Riveira.
- .- Finca no 331 do polígono 840 de rústica de Riveira.
- .- Finca no 332 do polígono 840 de rústica de Riveira.
- .- Finca no 612 do polígono 840 de rústica de Riveira.

2.- A presente parcela atópase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como **solo rústico**. Parte da mesma está dentro dun ámbito de solo rústico de protección forestal, mentres que a parte restante, está dentro dun ámbito de solo rústico de protección ordinaria. No presente caso seralle de aplicación o réxime





establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección forestal/protección ordinaria), en aplicación do disposto ó respecto pola súa disposición transitoria primeira desta lei.

3.- En relación ao axuste da presente clasificación urbanística (solo rústico) co prescrito ao respecto polo artigo 31.1 da Lei 2/2016, debemos de significar que aínda que o vixente PXOM non está adaptado á lei 9/2002 (LOUG), nin á vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia, e por aplicación da disposición transitoria primeira da mesma, na que se establece que o rexime aplicable no presente caso é o regulado na presente Lei 2/2016, podemos concluír que a aplicación do citado artigo 31.1 desta lei é efectivo no presente caso, e no que se expón o seguinte:

Artigo 31. Concepto e categorías

1. Terán a condición de solo rústico:

a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.

b) Os ameazados por riscos naturais ou tecnolóxicos, incompatibles coa súa urbanización, tales como inundación, erosión, afundimento, incendio, contaminación ou calquera outro tipo de catástrofes, ou que perturben o ambiente ou a seguridade e a saúde.

c) Os terreos que o plan xeral ou os instrumentos de ordenación do territorio non xulguen axeitados para o desenvolvemento urbanístico, considerando os principios de utilización racional dos recursos naturais ou de desenvolvemento sustentable.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por Francisco J. Rodríguez Rodríguez en representación da **Comunidade de Propietarios de Garaxes Mirador de Padín**, de





data 10/01/2017 (Registro de entrada nº 260), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible sito na da Rúa Oito de Marzo (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 18/11/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

Conceder a Comunidade de Propietarios de Garaxes Mirador de Padín autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (6,00 m. (3,00 m. + 3,00 m.)), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao garaxe do inmoible sito na Rúa Oito de Marzo (Riveira).

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado pola Asociación Unión de Minusválidos de Asturias San Blas, de data 11/01/2017 (Registro de entrada nº 300), no que solicita permiso para o ofrecemento de axendas con horóscopo para o ano 2017.

2.- SOLICITUDES DE APROBACIÓN DE AXUDAS “BONO BUS” – CURSO 2016-2017

Vista a **proposta** da Concelleira Delegada de Educación, Herminia Pouso Maneiro, de data 16/01/2017, relativa á concesión das axudas ao transporte para estudantes (bono bus) durante o curso 2016-2017


Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar** a concesión da axuda en transporte que corresponda aos estudantes que se recollen nas seguintes listaxes:

Gutiérrez Borges, Miguel 53797743F USC, Grao en Física

3.- SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, Ma Herminia Pouso Maneiro**, de data 17/01/2016, en relación á convocatoria de





programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento dos servizos de normalización lingüística durante o ano 2017 da Deputación da Coruña. (BOP núm. 247, do 30/12/2016).

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

- 1.- Acollerse ao sinalado na citada convocatoria e solicitar unha subvención para o financiamento das retribucións da técnica do Servizo de Normalización Lingüística durante o ano 2017 por importe de 12.000 €.
- 2.- Facultar a D. Manuel Ruíz Rivas, alcalde do Concello de Ribeira, para actuar en representación do Concello e formular a correspondente solicitude.
- 3.- Xuntar á dita solicitude a documentación, declaracións e compromisos que nela se inclúen.
- 4.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social na que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 5.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación Provincial da Coruña en toda a información que se realice para acadar a finalidade para a que é concedida.
- 6.- Remitir antes do 28 de abril de 2018 ás 14.00 h a memoria xustificativa da realización da actividade e do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 19 de xaneiro de 2017

O Alcalde

Manuel Ruíz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle